

Adriana Domínguez, a executiva galega con mellor reputación segundo Merco

- Merco Líderes destaca por primeira vez a unha muller galega
- Domínguez lidera a renovación de Adolfo Domínguez dende 2017



Adriana Domínguez intervén na xunta xeral de accionistas de Adolfo Domínguez. Brais Lorenzo / Punto GA

16 de setembro de 2021. Adriana Domínguez, presidenta executiva de Adolfo Domínguez, vén de ser destacada como a executiva galega con mellor reputación en 2021 por Merco, o monitor empresarial de reputación corporativa. A directiva é a primeira empresaria e muller galega en formar parte da clasificación Merco Líderes, que nomea aos líderes empresariais con mellor reputación de xeito anual dende hai vinte e un anos. A listaxe elaborase a partir de máis de 47.000 enquisas elaboradas por Merco a empresarios, analistas financeiros, xornalistas, estudosos da comunicación corporativa, líderes de opinión e consumidores. Na lista inclúense outros executivos galegos como Amancio Ortega (Inditex) ou Ignacio Rivera (Hijos de Rivera). Só 27 dos 100 líderes destacados son mulleres.

Adriana Domínguez (Ourense, 1976) lidera a transformación de Adolfo Domínguez dende 2017, primeiro como directora xeral e despois como conselleira delegada

Comunicación Adolfo Domínguez

manuelvsola@puntoqa.com / maria.bragado@puntoqa.com

986 11 9298 / 628 274 100 / 647 79 11 05

e presidenta executiva. Nos últimos catro anos e ata a chegada da pandemia da Covid, a firma de moda de autor aumentou as súas vendas comparables un 30% e a súa facturación *online* un 158%. A nova xestión permitiu á compañía encadear dous exercicios consecutivos con resultado operativo positivo, ata marzo de 2020. Dende entón, a executiva lidera unha nova transformación de Adolfo Domínguez coa sostibilidade, a innovación dixital e a rendibilidade como principais piares de crecemento.

Adriana Domínguez implantou novos métodos de xestión, reunificando todas as marcas baixo a insignia Adolfo Domínguez, refrescou o posicionamento da marca tras 40 anos no mercado e renovou completamente o comité de dirección. A marca conta cun 51% das súas tendas situadas fóra de España.

A firma máis feminina da Bolsa

Dende o seu nomeamento en maio de 2020 como presidenta executiva, Adriana Domínguez incorporouse ao grupo de 8 presidentas do mercado bursátil español, un 4% do total de primeiros executivos, segundo os datos do informe *Mulleres nos Consellos das empresas cotizadas* elaborado por Atrevia e IESE. As mulleres representan un 57% do consello de administración de Adolfo Domínguez e un 64% do seu comité de dirección, converténdoa na compañía da Bolsa española (127 empresas cotizadas incluídas no estudo) con maior presenza feminina nos seus órganos de goberno, segundo o informe. O grupo de moda conta cunha fenda salarial a favor das mulleres do 1,7%.

Adolfo Domínguez, con sede central en Ourense e 343 puntos de venda en todo o mundo, conta con 1.031 profesionais, un 80% deles mulleres.